


CONCELLO
DE VIGO



Unha canguro na túa casa

SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN
DOMICILIARIA DA INFANCIA SADI



**Para mulleres
empadroadas en Vigo que
teñan ao seu coidado
menores de 12 anos, que
cumpran todos os
requisitos e que presenten
a documentación no
Centro Municipal de
Información dos Dereitos
da Muller, cunha antelación
mínima de 24 horas á data
de prestación do servizo.**



Que é?

Consiste no **coidado das nenas e dos nenos menores de 12 anos** que quedarían sós en ausencia da súa nai. Este servizo prestarase sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados ou durante o tempo preciso para acceder a eles.

Obxectivos

Potenciar e favorecer a formación e o acceso ao emprego remunerado das mulleres da nosa cidade. Desta maneira evítase o feito de que o coidado de fillas e fillos impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres, así como a súa **participación social e laboral en igualdade de condicións.**



O tempo que necesitas

Características

- **A coidadora infantil é a persoa responsable** do coidado e do benestar da/o menor durante o tempo que dura a prestación do servizo.
- O servizo faise con carácter xeral na **casa da beneficiaria**, dende a hora solicitada ata que a nai regrese. **A coidadora tamén se pode desprazar ás escolas, ás actividades extraescolares... para levar ou traer ás/lós menores.**
- Algún dos **motivos polos que se pode prestar o servizo**: formación, entrevista ou proba de traballo, outras incompatibilidades laborais, citas médicas, enfermidade da nai ou da/o menor, períodos non lectivos, emerxencias, trámites e xestións, etc.
- **Non se realizarán tarefas domésticas** a través do SADI.
- O servizo será como máximo de **4 horas diarias**, entre as 7:00 e as 23:00 horas, de luns a venres.

Requisitos económicos

O límite de ingresos da unidade familiar cun fillo/a estipúlase en función do IPREM anual incrementado nun 50% . Esta contía incrementarase un 20% por cada filla/o, ou un 40%, no caso de menores que teñan recoñecido o grao de dependencia. Con carácter excepcional poderán valorarse situacións que xustifiquen documentalmente gastos extraordinarios da unidade de convivencia.

- Unidade familiar cun fillo/a: 806,76 €
- Unidade familiar con 2 fillos/as: 914,33 €
- Unidade familiar con 3 fillos/as: 1021,90 €
- Unidade familiar con 4 fillos/as: 1129,47 €

Documentación

- DNI ou equivalente.
- Libro de familia.
- Xustificante de empadramento.
- Xustificante de ingresos mensuais da unidade familiar: última nómina, certificado de prestacións públicas, sentenzas xudiciais, etc.
- Xustificante do motivo polo que se solicita o servizo.

Solicitudes

Máis información e lugar de presentación das solicitudes:

Entrevista mediante cita previa coa traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (rúa Romil, 20 teléfono: 986 293 963).

+info www.igualdadevigo.org

